



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Tradución idioma 2, III: Inglés-Galego

Materia	Tradución idioma 2, III: Inglés-Galego			
Código	V01G230V01609			
Titulación	Grao en Tradución e Interpretación			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	2c
Lingua de impartición	Galego Inglés			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Fernández Pintelos, María José			
Profesorado	Fernández Pintelos, María José			
Correo-e	mj pintelos@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Tradución inglés-galego é unha materia obrigatoria de 6 créditos ECTS situada no segundo cuadrimestre do terceiro curso do Grao en Tradución e Interpretación. A materia, maioritariamente de tradución directa, mantén estreitas relacións didácticas, pedagóxicas, conceptuais e procedimentais coas demais materias do grao, xa que afonda nas ferramentas do proceso tradutor, que lle servirán ó alumnado para encarar, por exemplo, o estudo das traducións especializadas, inversas, etc.			

## Competencias

Código	
C1	Dominio de linguas estranxeiras
C2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras
C4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
C10	Capacidade de traballo en equipo
C17	Capacidade de tomar decisións
C18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
C22	Destrezas de tradución
C29	Formación universitaria específica
C31	Coñecementos de informática profesional e TAC
D2	Coñecemento dunha segunda e unha terceira lingua estranxeira
D3	Capacidade de organización e planificación de proxectos
D4	Resolución de problemas
D7	Toma de decisións
D9	Razoamento crítico
D14	Motivación pola calidade
D16	Adaptación a novas situacións
D17	Comprensión doutras culturas e costumes

## Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Saber cales son os criterios que definen unha actuación pertinente, relevante e oportuna dentro da cultura de chegada e de partida, como afastarse deses criterios e que consecuencias terá esa decisión	C17 C18 C22	D2 D4

Aumentar a cultura xeral e dominar as convencións das culturas coas que traballa e, sobre todo, o papel do tradutor en ámbalas dúas.	C1 C2 C4 C17 C18 C31	D4 D9
Ser quen de se adaptar a un mercado laboral cambiante que esixe de contino novas especializacións temáticas	C17	D3 D9 D14
Estar ó día das innovacións tecnolóxicas que afectan o desenvolvemento da súa profesión: novas formas de comunicación, novas fontes documentais, novos soportes da información, novos sectores de mercado, etc.	C18 C22 C31	D3 D14 D16 D17
Relacionarse profesionalmente cos demais actores implicados no proceso de tradución: iniciador, cliente, informantes e expertos, receptores, etc. Isto é: a) desenvolver habilidades para as relacións interpersoais e o traballo cooperativo; b) aprender a traballar en equipos de carácter transdisciplinar; c) adquirir un compromiso ético ante o labor tradutor; d) aprender a asumir responsabilidades; e) aumentar o grao de confianza do alumno nas súas propias capacidades: autoconceito de tradutor profesional; f) crear un espírito crítico e autocrítico.	C10 C17 C18 C22 C29 C31	D3 D4 D7 D9 D14 D17
Desenvolver un interese polo traballo responsable e eficaz e pola boa praxe profesional	C1 C2 C4 C10 C17 C18 C22 C29 C31	D2 D3 D4 D7 D9 D14 D17

## Contidos

Tema	
1. Contextos culturais: textos marcados culturalmente	1.1. Textos xornalísticos e divulgativos ou promocionais 1.2. Textos literarios 1.3. Discurso audiovisual
2. Introducción á tradución de textos semiespecializados	2.1. Textos científicos e técnicos 2.2. Textos xurídicos, económicos e administrativos
3. Control de calidade	3.1. Adaptación a distintas encomendas de tradución 3.2. Xestión de proxectos 3.3. Revisión e crítica de traducións

## Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Aprendizaxe baseado en proxectos	10	20	30
Aprendizaxe colaborativa	10	14	24
Resolución de problemas	18	36	54
Resolución de problemas de forma autónoma	8	24	32
Presentación	2	8	10

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

	Descrición
Aprendizaxe baseado en proxectos	Realización de proxectos mediante planificación, deseño e realización das actividades necesarias.
Aprendizaxe colaborativa	Traballo en equipo para solucionar problemas abertos. Permite adestrar, entre outras, as capacidades de aprendizaxe en cooperación, de liderado, de organización, de comunicación e de fortalecemento das relacións persoais.
Resolución de problemas	Encomendas ou exercicios de aula que o alumnado deberá resolver, de maneira individual ou en grupo, aplicando as estratexias e os procedementos axeitados.
Resolución de problemas de forma autónoma	Os puntos teóricos explicados nas clases aplicaranse á práctica a través de actividades e de problemas que o alumno realizará na casa.

<b>Atención personalizada</b>	
<b>Metodoloxías</b>	<b>Descrición</b>
Aprendizaxe baseado en proxectos	A profesora estará a disposición do alumnado tanto na aula como fóra dela por medio de titorías personalizadas.
Resolución de problemas de forma autónoma	A profesora estará a disposición do alumnado tanto na aula como fóra dela por medio de titorías personalizadas.
Aprendizaxe colaborativa	A profesora estará a disposición do alumnado tanto na aula como fóra dela por medio de titorías personalizadas.
Resolución de problemas	A profesora estará a disposición do alumnado tanto na aula como fóra dela por medio de titorías personalizadas.
<b>Probas</b>	<b>Descrición</b>
Presentación	A profesora estará a disposición do alumnado tanto na aula como fóra dela por medio de titorías personalizadas.

<b>Avaliación</b>				
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Aprendizaxe baseado en proxectos	O alumnado realizará un proxecto que se entregará durante as últimas dúas semanas de clase, nunha data que quedará especificada en Faitic.	20	C1 C2 C4 C10 C18 C22	D3
Aprendizaxe colaborativa	Os alumnos asumirán a realización dun proxecto de tradución/revisión (en equipo ou de xeito individual, en función da distribución de matriculados) para o que se darán as instrucións precisas ao comezo do cuadrimestre. Este proxecto deberá ser entregado na semana 10 do cuadrimestre.  De haber algún cambio con respecto ás datas, comunicaráse con suficiente antelación ao alumnado a través de Faitic.	20		
Resolución de problemas de forma autónoma	Haberá dúas encomendas de tradución/revisión. A primeira será para entregar na semana 06 do cuadrimestre e suporá un 20% da nota. A segunda será para entregar na semana 13 do cuadrimestre e suporá un 30% da nota.  De haber algún cambio con respecto ás datas, comunicaráse con suficiente antelación ao alumnado a través de Faitic.	50	C17 C29 C31	D2 D4
Presentación	O alumnado presentará o seu proxecto na clase, diante dos compañeiros e da profesora, durante as últimas dúas semanas en horario de clase, nunha data que quedará especificada en Faitic. As condicións da presentación quedarán suxeitas ás circunstancias sanitarias, administrativas e técnicas.	10		

### **Outros comentarios sobre a Avaliación**

O alumnado pode acollerse ao sistema de avaliación continua ou ao sistema de avaliación única. Os dous sistemas de avaliación son mutuamente excluíntes e o alumnado deberá indicar por escrito á docente nas dúas primeiras semanas do cuadrimestre por cal deles opta.

#### Avaliación continua

O alumnado deberá seguir os requirimentos arriba indicados.

#### Avaliación única

O alumnado que siga o sistema de avaliación única deberá presentarse na data e a aula marcadas no calendario oficial para ser avaliado de todos os contidos da materia, tanto teóricos (nunha proba que suporá o 30% da nota da materia) como prácticos (o 70% da nota).

O alumnado de avaliación única que non se presente o día da convocatoria oficial será cualificado con Non presentado. O alumnado de avaliación única que por razóns xustificadas non poida presentarse no día do exame poderá comunicarlle á docente a súa intención de presentarse, para buscar as alternativas correspondentes.

Segunda edición de actas

O alumnado que non supere a materia na primeira convocatoria poderá presentarse á segunda. Para iso deberá presentarse na data e a aula marcadas no calendario oficial para ser avaliado de todos os contidos da materia, tanto teóricos (nunha proba que suporá o 30% da nota da materia) como prácticos (o 70% da nota).

O alumnado que non se presente o día da convocatoria oficial será cualificado con Non presentado. O alumnado que por razóns xustificadas non poida presentarse no día do exame poderá comunicarlle á docente a súa intención de presentarse, para buscar as alternativas correspondentes.

Outros comentarios

Presencialidade

Enténdese que o alumnado que se acolle ó sistema de avaliación continua ten que poder asistir ás clases de forma regular. O alumnado que desexe cursar a materia en réxime de avaliación continua pero por razóns xustificadas non poida asistir ás clases presenciais deberá comunicarlle estas circunstancias á docente, para buscar as alternativas correspondentes.

Plaxio

A copia ou plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo ou exame suporá un cero nesa proba. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá o alumnado da súa responsabilidade neste aspecto.

Corrección lingüística

A avaliación terá en conta non só a pertinencia e calidade do contido das respostas senón tamén a súa corrección lingüística.

Teledocencia

É responsabilidade do alumnado consultar os materiais e as novidades a través da plataforma FAITIC e de estar ó tanto das datas nas que as probas de avaliación teñen lugar.

---

## **Bibliografía. Fontes de información**

### **Bibliografía Básica**

### **Bibliografía Complementaria**

Mossop, B., **Revising and Editing for Translators**, Routledge, 2014

ISO, **ISO 17100:2015. Translation services -- Requirements for translation services**, ISO,

Gómez Guinovart, X., Álvarez Lugrís e Díaz Rodríguez, **Diccionario Moderno Inglés-Galego**, 1, 2.0 Editoria, 2012

---

## **Recomendacións**

### **Materias que continúan o temario**

Tradución científica-técnica idioma 1: Inglés-Galego/V01G230V01918

Tradución editorial idioma 1: Inglés-Galego/V01G230V01926

Tradución económica idioma 1: Inglés-Galego/V01G230V01801

---

### **Materias que se recomenda ter cursado previamente**

Tradución idioma 2, I: Inglés-Galego/V01G230V01409

Tradución idioma 2, II: Inglés-Galego/V01G230V01506

---

## **Outros comentarios**

A planificación poderá modificarse para axustarse á heteroxeneidade do alumnado.

A bibliografía ampliarase no decurso do cuadrimestre e deberá prepararse axeitadamente.

---

## **Plan de Continxencias**

### **Descrición**

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

\* Metodoloxías docentes que se manteñen

Mantéñense a aprendizaxe baseada en proxectos, a aprendizaxe colaborativa en función da distribución de alumnos e a resolución de problemas de forma autónoma.

\* Metodoloxías docentes que se modifican

A resolución de problemas mediante encomendas ou exercicios de aula levarase a cabo a través de Internet, facendo uso das ferramentas dispoñibles para profesorado e alumnado.

\* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías)

As titorías poderán realizarse en modo presencial ou a través de Internet, coas ferramentas dispoñibles para o profesorado e o estudiantado.

\* Modificacións (se proceder) dos contidos a impartir

Non se prevé modificación de contidos.

\* Bibliografía adicional para facilitar a autoaprendizaxe

A bibliografía básica indicada na guía docente irase enriquecendo por temas e quedará reflectida en Faitic, tanto no caso de docencia presencial, como semipresencial ou non presencial.

\* Outras modificacións

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

Manteranse as mesmas probas avaliáveis co mesmo peso, xa que case todas son trasladables á modalidade non presencial sen modificacións. O único cambio que sería preciso serían as condicións da presentación. Como queda indicado na guía docente, esta poderá levarse a cabo na aula ou a través de Internet, coas adaptacións precisas.

\* Información adicional

Plan de continxencia sobre a modalidade mixta, na que unha parte do estudiantado asistirá ás aulas de forma presencial e outra parte seguirá as clases dun modo síncrono (preferentemente) ou asíncrono: o profesorado manterá as metodoloxías, a atención personalizada e os sistemas de avaliación como se indica para a modalidade presencial, adaptando os grupos de estudantes e as quendas para cumprir coa normativa sanitaria que se estableza no seu momento.

---